

CPI DE XANCEDA – CURSO 2020/2021

Programación didáctica

Departamento de Lingua Galega e Literatura.

Materia: Segunda Lingua Estranxeira Portugués. 3º ESO

Programación de materias ao abeiro da Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE), e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

Índice

1.	Introdución e contextualización	2
2.	Estrutura e composición do departamento	3
3.	Elementos prescriptivos do currículo	4
4.	Secuenciación e temporalización dos contidos	7
5.	Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de obxectivos, contidos, temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos de avaliación e competencias clave	10
6.	Metodoloxía didáctica	22
6.1	Adaptacións metodolóxicas para as distintas modalidades de ensino: presencial, non presencial e semipresencial	22
6.2	Estratexias para a adquisición dos estándares de aprendizaxe	25
6.3	Estratexias para a adquisición das competencias clave	25
6.4	Materiais e recursos didácticos	26
7.	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	28
8.	Medidas de atención á diversidade	30

9. Plan de recuperación de materias pendentes	30
10. Elementos transversais	31
11. Actividades complementarias e extraescolares.....	33
12. Seguimento e avaliación da programación	33

1. Introducción e contextualización

• **Introdución**

O Consello de Europa no seu documento Marco de Referencia Europeo das Linguas considera a aprendizaxe das linguas estranxeiras como unha prioridade para os cidadáns e cidadás de Europa xa que vai favorecer a construción dunha Europa pluricultural e plurilingüe promovendo o coñecemento das diferentes linguas e culturas e, así, aumentar o respecto por estas e a interacción entre a cidadanía europea.

Deste xeito preténdese dar á aprendizaxe de linguas estranxeiras unha dimensión de contributo para a construción da identidade persoal libre e responsable do noso alumnado. Esta debe caracterizar, por outra parte, o cidadán europeo, aberto a todas as linguas e culturas, aberto aos demais, e capaz de integrar as informacións que lle chegan a través da variedade de linguas e culturas coas que entra en contacto.

Temos en conta que se trata de alumnado que nunca estudou Lingua Portuguesa, como materia do ensino regrado. Porén, non podemos atribuírlles un nivel inicial de competencia nesta lingua, pois o tronco común co galego constitúe unha base de coñecemento da mesma que nos permite partir dunhas destrezas básicas, nomeadamente no ámbito do léxico e na comprensión de textos escritos. Asemade, mediante o estudo do portugués, pretendemos que o alumnado mellore o coñecemento do galego, e que desenvolva unha maior tolerancia e unha competencia sociocultural no que se refire aos pobos que compoñen a lusofonía.

O coñecemento do portugués non só é importante para ampliar as posibilidades de acceso a novas relacións interprofesionais en Portugal, senón que tamén favorece unha mentalidade máis aberta e plural e permite comprender moito mellor as fondas raíces da nosa lingua propia. Como se recolle na LOMCE, o dominio de linguas estranxeiras posibilita comprender mellor a nosa propia lingua, implica a posibilidade de acceder a outras culturas, ao tempo que fomenta as relacións interprofesionais e o respecto por outros países, falantes e culturas. O proceso de ensinanza e aprendizaxe da lingua portuguesa contribuirá, ademais, á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global, favorecendo o desenvolvemento da súa personalidade.

É responsabilidade dos poderes públicos galegos a promoción do coñecemento da lingua portuguesa e

das culturas lusófonas, tal como reflicte a LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, coñecida como Lei Paz Andrade, que foi aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia.

- **Contextualización.**

O CPI de Xanceda está situado na localidade do mesmo nome, no concello de Mesía. Nel impártense as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. Ao CPI de Xanceda están adscritas dúas Escolas Unitarias: Olas e Visantofña, das que o alumnado se incorpora ao centro en 3º de Primaria.

A maioría da poboación da zona está vinculada a actividades agrícolas e gandeiras. A lingua de relación entre a comunidade da zona é o galego, falado no centro por practicamente o 100% do alumnado.

Trátase dun centro cunha matrícula de 174 alumnos/as onde se imparten ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, cunha única liña por cada nivel académico.

Na etapa de secundaria o alumnado distribúese do seguinte xeito:

1º ESO : 1 grupo de 12 alumnos/as

2º ESO : 1 grupo de 18 alumnos/as

3º ESO : 1 grupo de 21 alumnos/as, desdoblados en dous grupos de 10 e 11 alumnos/as respectivamente.

4º ESO : 1 grupo de 17 alumnos/as .

A materia 2ª Lingua Estranxeira Portugués cúrsana un total de 9 alumnos e alumnas de 3º ESO, que estudan esta materia por primeira vez.

Como se pode ver, o número de alumnos/as por aula non é elevado, o que permite un traballo máis individualizado.

O presente curso vén marcado pola anómala situación producida pola pandemia da Covid-19, cuxa evolución determinará o desenvolvemento da actividade educativa. As modificacións que sexa preciso facer a esta programación didáctica serán reflectidas nas correspondentes actas de reunión do departamento.

2. Estrutura e composición do departamento

PROFESORADO E DISTRIBUCIÓN DA DOCENCIA			
MATERIA	CURSO	Nº HORAS SEMANAIS	DOCENTE
Lingua Galega e Literatura	1º	4	Marta García Salgado.
Agrupamento Lingua Galega	4º	3	
Agrupamento Lingua Castelá	4º	3	
Agrupamento Xeografía e	4º	3	

Historia.			
Lingua Galega e Literatura	2º	3	Mª Dolores Díaz Rifón. Xefa do Departamento e coordinadora da biblioteca escolar.
Lingua Galega e Literatura	3º	6	
Lingua Galega e Literatura	4º	3	
2ª Lingua Estranxeira Portugués	3º	2	

3. Elementos prescriptivos do currículo

OBXECTIVOS
OBXECTIVOS DA ESO
<p>A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:</p> <p>a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.</p> <p>b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p> <p>c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.</p> <p>d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.</p> <p>e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p> <p>f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos</p>

campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS 3º ESO

1. Comprender mensaxes orais claras e sinxelas, relativas ás situacións de comunicación máis habituais ou que conteñan información básica sobre o contorno próximo familiar e social e producidas por falantes ou por medios de reprodución e de comunicación.
2. Utilizar oralmente a lingua estranxeira co fin de satisfacer necesidades básicas de

comunicación tanto en interacción reais e propias da aula, como en interaccións simuladas que reproduzan situacións reais cotiás e interaccións sociais básicas, producindo textos comprensibles e amosando interese por comprender e facerse comprender.

3. Comprender mensaxes escritas relativas a situacións habituais de comunicación expresadas en diferentes tipos de texto, identificando cunha finalidade comunicativa concreta as informacións globais e específicas que transmiten os textos.
4. Escribir textos sinxelos con cohesión e coherencia e que respecten as regras do código escrito.
5. Ler de forma comprensiva e cada vez cun maior grao de autonomía textos adecuados ás capacidades e intereses co fin de obter informacións requiridas previamente.
6. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a aprendizaxe e mellora as producións propias.
7. Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura galega para cumprir, se é o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais.
8. Usar estratexias de aprendizaxe xa aprendidas noutras linguas e desenvolver e ampliar outras mediante a comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia previa nesas linguas á aprendizaxe da segunda lingua estranxeira.

BLOQUES DE CONTIDOS

1. Comprensión de textos orais.
2. Produción de textos orais .
3. Comprensión de textos escritos.
4. Produción de textos escritos.
5. Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe .²

4. Secuenciación e temporalización dos contidos.

Na táboa que segue inclúense os contidos correspondentes á materia de Segunda Lingua Estranxeira Portugués de 3º de ESO secuenciados e coa temporalización prevista para cada unha das unidades.

CURSO: 3º ESO. 2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS				
UD	TÍTULO	DESCRIPCIÓN	MES	SESIÓNS
0	Vamos aprender português!	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Identificar marcas da identidade cultural portuguesa /língua portuguesa. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: O alfabeto. Gramatical: Artigo definido / indefinido e seu emprego; nome; género; formação do feminino; formação do plural.	setembro outubro	4
1	Olá, amigos!	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Identificar-se a si e aos outros. Indicar o país e a nacionalidade. Dar e pedir informação sobre nomes e apelidos. Dar e pedir informação sobre morada e telefone. Indicar a idade e a profissão. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Nome e apelido. Nacionalidades. Cidades e países. Numerais cardinais. Profissões. Gramatical: Pronomes pessoais sujeito. Presente do indicativo dos verbos <i>Ser, Ter, Morar</i> . Adjetivos. Preposições <i>de, em</i> e suas contrações. Interrogativos <i>quem, qual, onde, que, quantos</i> .	outubro	4
2	A minha família e os meus amigos.	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Identificar e indicar os graus de parentesco/descrever a família. Indicar posse. Perguntar e indicar a data/os dias da semana. Descrever pessoas. Indicar o estado do tempo/as estações do ano. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Graus de parentesco. Datas/dias da semana. Adjetivos. Cores. Estado do tempo. Estações do ano. Gramatical: Determinantes possessivos. Preposições-situar ações no tempo. Contração das preposições <i>em, de, a</i> . Adjetivo.	outubro novembro	4
3	Amigos virtuais	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Caracterizar pessoas/animais/objetos. Saudar/cumprimentar/apresentar alguém. Expressar gostos. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Características de pessoas/animais/objetos. Gostos. Expressões de saudação. Gramatical: Adjetivo. Pronomes/determinantes indefinidos. <i>Gostar de</i> + infinitivo. <i>Adorar/odiar/detestar</i> + infinitivo.	novembro	4
4	Estou feliz!	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Descrever sentimentos e estados físicos. Indicar causas. Descrever tipos de habitação. Descrever a casa. Situar no espaço pessoas e objetos.	novembro decembro	4

		Indicar a quantidade. Identificar materiais/padrões/formas. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Sentimentos/estados físicos/causas. Tipos de habitação (divisões, mobiliário e objetos). Materiais/padrões/formas. Gramatical: Presente do indicativo dos verbos <i>Ser, Estar</i> . Locuções prepositivas de lugar. Presente do indicativo do verbo <i>Haver (há)</i> . Interrogativos <i>quanto, quanta, quantos, quantas</i> .		
5	O que estás a fazer?	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Falar de ações em curso. Falar de ações/situações diferentes simultâneas. Localizar/situar geograficamente. Falar sobre locais na cidade. Perguntar/dar informações sobre localização no espaço. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Locais na cidade. Gramatical: <i>Estar a</i> + infinitivo. Conjunção temporal <i>enquanto</i> . Presente do indicativo do verbo <i>Ficar</i> . Diferença entre <i>Estar</i> e <i>Ficar</i> .	xaneiro	4
6	Uma escola como a minha	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Comunicar na sala de aula. Falar sobre espaços da escola/atividades. Indicar o horário escolar. Descrever diferentes tipos de escolas. Dar opinião sobre a escola. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Espaços da escola/objetos da sala de aula. Atividades da escola. Discurso da sala de aula. Disciplinas/material escolar. Gramatical: Presente do indicativo dos verbos regulares e irregulares.	xaneiro febreiro	4
7	Jovens de todo o Mundo!	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Falar de ações habituais no presente. Expressar verdades científicas. Identificar alimentos. Falar de hábitos alimentares. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Atividades do dia a dia. Alimentos. Refeições. Gramatical: Emprego do presente do indicativo. Advérbios e locuções adverbiais. Conjugação pronominal. Colocação do pronome na frase. Formação da interrogativa.	febreiro	4
8	O meu bairro ideal	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Pedir e indicar informações sobre percursos. Falar sobre o nosso bairro. Falar sobre a nossa cidade. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Serviços e comércio. Percursos e transportes. Nomes de ruas, avenidas. Nomes de monumentos. Gramatical: <i>Ir a/ir para</i> . Contração da preposição <i>a</i> . Verbos de movimento no presente do indicativo. Verbos + preposições e locuções prepositivas. Contração das preposições <i>em, de, por</i> . Diferença entre <i>para</i> e <i>por</i> .	marzo	4
9	O que vamos fazer?	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Falar de ações no futuro próximo. Expressar intenções. Ir às compras. Fazer pedidos. Dar e pedir informações. Pedir e dar opinião. Convidar/sugerir. Aceitar ou recusar um convite. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Compras. Lojas. Serviços. Restaurantes. Comidas e bebidas. Fórmulas opinativas. Fórmulas de cortesia.	marzo	4

		Gramatical: Futuro próximo <i>Ir</i> + infinitivo. Presente do indicativo com valor de futuro. <i>Pensar</i> + infinitivo. Expressões de tempo. Verbos opinativos. Demonstrativos. Demonstrativos associados aos advérbios de lugar (<i>aqui, aí, ali</i>).		
10	Rotina... Nem pensar!	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Falar do corpo humano. Descrever estados físicos. Falar de desportos/atividades de lazer/equipamentos. Falar dos tempos livres. Dar justificações. Fazer comparações. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Corpo humano. Estados físicos. Nomes de desportos e atividades de lazer. Nomes de equipamentos desportivos. Tipos de espetáculos. Gramatical: Conectores discursivos de causa. Graus dos adjetivos.	abril	4
11	Vidas	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Falar de ações passadas pontuais. Falar de ações passadas recentes. Narrar/relatar acontecimentos passados. Situar ações passadas no tempo. Relacionar momentos do passado. Redigir uma biografia. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Léxico relacionado com viagens/férias. Dados biográficos. Gramatical: Pretérito perfeito simples do indicativo (verbos regulares e irregulares). Advérbios e expressões de tempo. Advérbios e locuções adverbiais de tempo (<i>já, nunca, ainda não</i>). <i>Acabar de</i> + infinitivo.	abril maio	4
12	Recordar é viver...	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Descrever ações habituais do passado. Relembrar épocas passadas. Comparar hábitos do passado com hábitos do presente. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Hábitos do passado. Gramatical: Pretérito imperfeito do indicativo (verbos regulares e irregulares). Advérbios e expressões de tempo. Pronomes pessoais com função de complemento direto e indireto.	maio	4
13	Um episódio de verão.	COMPETÊNCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL: Descrever/narrar situações. Retratar/caracterizar pessoas, espaços e objetos. COMPETÊNCIAS LINGUÍSTICAS: Lexical: Léxico no âmbito da narração/descrição. Gramatical: Pretérito imperfeito do indicativo – diferentes usos. <i>Estar</i> (pretérito imperfeito) + <i>a</i> + infinitivo.	xuño	4

5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de obxectivos, contidos, temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos de avaliación e competencias clave.

- **CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.**

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxec.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
.a .c .d .i	<p>.B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.) – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>.B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>.B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<p>.B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.</p> <p>.B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>.B1.3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p>.B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.</p> <p>.B1.5. Comprender o sentido xeral e a información</p>	<p>.SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>.SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>.SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.</p> <p>.SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descripcións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC</p> <p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p> <p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p> <p>.CCL .CAA .CSC</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxec.	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<p>específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.</p> <p>B1.6. Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.</p> <p>B1.7. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descrições predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.</p>	<p>interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>.SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>.SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.</p>	<p>.CCEC</p> <p>.CCL .CAA .CSC .CSIEE .CCEC</p> <p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p>
Bloque 2. Produción de textos orais				
.a .c .d .i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. – Execución: – Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. 	<p>B2.1. Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases</p>	<p>.SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de ointes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p> <p>.SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CSIEE .CD</p> <p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD .CSIEE</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxec.	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, e paralingüísticos. – Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou reformulación dun termo ou expresión. – Uso da lingua matema ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. – Petición de axuda. – Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. – Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). – Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: saúdos e despedidas, felicitacións, invitacións, expresións da dor, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas. 	<p>simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p> <p>B2.5. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.</p>	<p>.SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p> <p>.SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	<p>.</p> <p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD .CSIEE</p> <p>.CCL .CAA .CSC .CCEC</p>
Bloque 3. Comprensión de textos escritos.				
.a .c .d .i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa 	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información</p>	<p>.SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxec.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>(en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <ul style="list-style-type: none"> – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. 	<p>máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>.B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>.B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.</p> <p>.B3.4. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>.SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente).</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p>
			<p>.SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p>
			<p>.SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p>
			<p>.SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p>
			Bloque 4. Producción de textos escritos	
.a .c .d .i	<p>.B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios 	<p>.B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>.B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>.B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>.B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos</p>	<p>.SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p>
			<p>.SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxec.	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>textos.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Execución: – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estruturación do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "éme igual", "sóame", etc.). – Revisión: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de problemas, erros e repeticións. – Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. – Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). – Reescritura definitiva. 	<p>sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adecuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>.SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p>
			<p>.SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD</p>
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
.a .c .d .i .o	<p>.B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos máis básicos. – Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. <p>.B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. <p>.B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p>	<p>.B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>.B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>.B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de</p>	<p>.SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>.SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p>	<p>.CCL .CAA .CSC .CCEC .CCL .CAA .CSC .CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxec.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesia propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. 	cortesía máis básicas nos contextos respectivos.		.CD
		.B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.	.SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	.CCL .CAA .CSC .CCEC
		.B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	.SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	.CCL .CAA .CSC .CCEC .CD .CSIEE
		.B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente	.SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.	.CCL .CAA .CSC .CCEC
		.B5.4. Plurilingüismo: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 		
	.B5.5. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. 			

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxec.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> – Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. – Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. <p>.B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación. – Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresións sinxelas de gustos), e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo. <p>.B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			

- **CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Estándar de aprendizaxe available	Porcentaxe grao mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
--	--	------------------------	---

B.1. Comprensión de textos orais	60	Todas as unidades	
SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.	50	Todas as unidades	Observación.
SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	60	Todas as unidades	Probas obxectivas de comprensión oral. Observación
SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.	70	Unidades 5, 6, 8, 9	Traballo en grupo: simulación de diálogos.
SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	60	Todas as unidades	Traballo en grupo: conversa informal sobre un tema proposto.
SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos	60	Unidades 1, 2, 3, 4, 6, 7, 8, 9, 10	Proba obxectiva: comprensión oral.

persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.			
SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.	60	Todas as unidades	Traballo individual: comprensión dun texto en formato audiovisual.
B.2. Producción de textos orais	%		
SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.	60	Unidades 6, 10, 11, 12, 13	Traballo individual: exposición oral sobre un tema predefinido.
SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.	70	Unidades 5, 7, 8, 9, 10	Probas obxectivas. Traballo en grupo: simulación dun diálogo.
SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.	60	Todas as unidades	Traballo en grupo: simulación dun diálogo. Probas obxectivas
SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria,	50	Unidades 6, 11, 13	Traballo en grupo: simulación dun diálogo.

expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.			Probas obxectivas.
B.3. Comprensión de textos escritos	%		
SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.	70	Unidades 7, 10, 11, 12, 13	Probas obxectivas. Traballo individual
.SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente).	60	Unidades 6, 8, 9	Traballo individual. Traballo en grupo
SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	50	Unidades 5, 7, 11, 12, 13	Traballo individual. Traballo en grupo
.SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).	70	Unidade 6	Probas obxectivas
.SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.	70	Todas as unidades	Observación Traballo en grupo
B.4. Producción de textos escritos	%		

<p>.LEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).</p>	60	Unidades 11, 12, 13	Traballo individual
<p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).</p>	60	Unidades 1, 2, 3, 10	Traballo individual
<p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p>	50	Unidades 6, 7, 8	Proba obxectiva Traballo individual
<p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada .</p>	60	Unidades 6, 9	Proba obxectiva Traballo individual
B.5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural plurilingüe			
<p>.SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	60	Todas as unidades	Observación
<p>.SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p>	70	Todas as unidades	Observación Probas obxectivas

<p>.SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>60</p>	<p>Todas as unidades</p>	<p>Observación</p>
<p>.SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>70</p>	<p>Todas as unidades</p>	<p>Traballo en grupo</p>
<p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente</p>	<p>60</p>	<p>Todas as unidades</p>	<p>Traballo en grupo Observación</p>

6. Metodoloxía didáctica

A selección e organización dos contidos na etapa persegue que o alumnado progrese e se perfeccione de forma sistemática na súa competencia comunicativa e que, de forma simultánea, incrementa progresivamente os seus coñecementos acerca da lingua e a cultura da lusofonía.

É importante ter en conta que, a pesar de que este alumnado vai cursar a materia por primeira vez, xa posúen un nivel de coñecemento da lingua portuguesa a partir da súa condición de galegofalantes. Este feito permitiranos a posibilidade de empregar materiais que corresponderían a un nivel máis avanzado ca o inicial na aprendizaxe desta lingua.

As diversas destrezas e a súa concreción na comprensión e produción de distintos tipos e subtipos de textos secuencianse para que accedan a diferentes niveis de complexidade atendendo á madurez do alumnado. Utilizaranse frecuentemente materiais audiovisuais: filmes, vídeos musicais, noticiarios, etc., así como gravacións realizadas polo alumnado. Tamén se empregará o recurso da Internet para procurar información sobre a cultura dos países lusófonos. Para acadar un nivel de competencia aceptable na produción oral, realizaranse numerosas actividades de simulación de situacións da vida cotiá, así como exposicións planificadas sobre diferentes temas de ámbito formal ou académico. Así mesmo, tentaremos establecer contacto con alumnos e alumnas doutros centros que estuden portugués ou sexan nativos dun país de fala portuguesa e, se for posible, organizaremos actividades no centro dirixidas por persoas procedentes dalgún país lusófono.

1. o alumnado cara á lectura.

6.1. Adaptacións metodolóxicas para as distintas modalidades de ensino: presencial, non presencial e semipresencial.

No contexto sociosanitario no que se enmarca este curso escolar, debido á pandemia que estamos a sufrir, temos que prever diferentes escenarios para o desenvolvemento da actividade lectiva: o ensino presencial, se así o permiten as circunstancias sanitarias; o non presencial, no caso de que fose preciso pechar os centros de ensino, tal e como ocorreu no curso pasado; ou un modelo semipresencial, previsto para o caso de que algún alumno ou alumna de xeito individual, ou algún grupo determinado, teña que permanecer en cuarentena nos seus domicilios, xa sexa por contaxio propio da enfermidade, xa por contacto con persoas afectadas pola COVID-19.

6.1.1. Ensino presencial: aínda que poidamos manter a presencialidade durante todo o curso, a metodoloxía didáctica vaise ver notablemente condicionada polas circunstancias. O feito de que o alumnado teña que ocupar un lugar determinado na aula, gardando entre si e coa profesora unha distancia mínima de 1,5 m., e a reorganización dos diferentes espazos do centro impiden a realización de certo tipo de

actividades grupais na aula e nos espazos comúns, o que dificulta o traballo cooperativo. Así mesmo, o feito de non poder realizar actividades complementarias e extraescolares, merma de maneira significativa as posibilidades das nosas materias

Ante estas novas circunstancias, procuraremos fomentar o traballo cooperativo a través de tarefas que o alumnado poida realizar a distancia, desde os seus ordenadores, empregando fundamentalmente recursos telemáticos, que concretamos no apartado de materiais e recursos didácticos.

6.1.2. Ensino non presencial: No caso de que se suspendan totalmente as clases e teñamos que pasar a un ensino non presencial, a metodoloxía de traballo basearase en:

- Impartir clases por videoconferencia, a través da plataforma Cisco webex, a todo o grupo clase, en grupos reducidos, ou individualmente, segundo se considere máis oportuno, en función do obxectivo perseguido en cada momento.
- Utilizar a aula virtual do centro como canle de comunicación entre o alumnado e a profesora, rendibilizando e optimizando os numerosos recursos metodolóxicos que ofrece.
- Manter unha comunicación permanente co alumnado, atendendo ás súas demandas no menor tempo posible, preferentemente a través da aula virtual.
- Levar a cabo un seguimento individualizado do alumnado, a corrección das súas tarefas e a devolución das mesmas coas indicacións pertinentes, proporcionándolle a posibilidade de consultar dúbidas con respecto desas correccións, ou de calquera outro aspecto da materia.
- Fomentar o traballo cooperativo a distancia, así como a posta en común de opinións a través dos foros que ofrece a aula virtual.
- Promover entre o alumnado a alfabetización da información, o que lle permitirá discriminar, avaliar, utilizar e comunicar de forma ética a información que procure na Internet.

6.1.3. Ensino semipresencial: No caso de que un alumno ou alumna ou un grupo deba permanecer nos domicilios debido a unha corentena, ou ben a un contaxio propio, teremos que poñer en marcha os mecanismos que garantan que esa parte do alumnado recibe unha formación o máis semellante posible á do alumnado que permanece no centro. Ante esta situación, que prevemos habitual, en primeiro lugar faremos un diagnóstico individualizado de cada caso, valorando distintos parámetros:

- Antes que nada, teremos en conta as condicións de saúde do alumnado, pois non será a mesma situación a dun alumno ou alumna contaxiado de COVID-19, que a daqueles ou aquelas que

teñan que guardar corentena a causa dun contacto cunha persoa que dese positivo, ou que estea á espera dos resultados da proba pertinente.

- En segundo lugar, comprobaremos a dispoñibilidade que ese alumnado ten para poder usar un ordenador no seu domicilio durante un período de tempo amplo, que lle permita participar das sesións de clase de toda a mañá, e incluso da tarde, se se trata dun luns. Consultaremos os datos que obran na dirección do centro e outros pertinentes a través da titora ou titor do grupo e do Departamento de Orientación.
- Analizaremos as características persoais do alumnado e as súas necesidades educativas, que serán un indicador importante á hora de decidir a metodoloxía e recursos que se han de empregar, así como o seu contorno familiar ou social, na medida en que poda incidir no seguimento do curso a distancia por parte do alumnado.

Unha vez analizados e valorados estes datos, empregaremos os recursos que consideremos máis adecuados a cada caso e momento, combinando as sesións de clase en directo, a través da plataforma Cisco webex, sempre suxeita a restricións técnicas debido aos problemas de conexión, tanto no centro como nos domicilios do alumnado, con todos os demais recursos que contemplamos para o ensino non presencial.

Tanto na modalidade non presencial como na semipresencial, estableceranse mecanismos para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado. A profesora levará un rexistro de todas as actividades e tarefas realizadas, así como das intervencións feitas a través da aula virtual ou nas sesións de videoconferencia.

De maneira coordinada coas titoras e titores dos grupos, establecerase contacto co alumnado que non estea a participar adecuadamente no proceso de aprendizaxe. Ademais, serán puntualmente informadas desta situación as familias, a través dos medios de contacto habituais entre estas e o centro. Se se considerase necesario, e sempre a través da titoría, solicitarase a intervención do Departamento de orientación ou da Dirección do centro, co fin de adoptar medidas que contribúan a mellorar a motivación ou as condicións de traballo do alumnado que, por algunha razón, abandone total ou parcialmente a realización das tarefas do curso.

En calquera caso, desde o departamento seguiremos con atención as instrucións que, chegado o caso de producirse unha suspensión total ou parcial da actividade presencial, se nos diten desde as autoridades educativas.

6.2. Estratexias para alcanzar os estándares de aprendizaxe.

O traballo competencial debe estar na base do ensino; a docente pasa a ser unha xestora de coñecemento e o alumnado adquire un maior grado de protagonismo. Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora e a expresión oral e escrita que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naqueles que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa.

Na área de Segunda Lingua Estranxeira Portugués é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumnado. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos alumnos e alumnas.

6.3. Estratexias para a adquisición das competencias clave.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. A metodoloxía será variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

MATERIA	
COMPETENCIA	CONTRIBUCIÓN DA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE
Comunicación lingüística (CCL)	<p>As materias de lingua contribúen, sen dúbida, á competencia en comunicación lingüística, como se reflicte en todos os descritores do propio currículo. Destacamos os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos e orais. • Manter unha actitude favorable cara á lectura. • Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. • Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	A variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Competencia dixital (CD)	A contribución ao desenvolvemento da competencia no tratamento da información e a competencia dixital vén dada polo manexo dos recursos TIC para a creación de distintos contextos comunicativos, uso das distintas ferramentas dixitais para manexar a información e o uso de recursos específicos de aprendizaxe da lingua: programas de software, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores, correctores...
Aprender a aprender (CAA)	A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, a materia préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	A aprendizaxe dunha lingua comprende non só os aspectos lingüísticos, senón tamén as compoñentes socioculturais que subxacen no uso desa lingua. Por outra banda, a lingua é vehículo de transmisión cultural, o seu coñecemento favorece o respecto e tolerancia por outras culturas, aceptando a diversidade de valores e superando prexuízos e favorecendo actitudes socialmente positivas.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor favorece a autonomía do alumnado e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	A expresión lingüística e o coñecemento cultural facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias ou o coñecemento do acervo cultural fan desta área unha canle perfecta para adestrar a competencia.

6.4. Materiais e recursos didácticos

Utilizárase como material de apoio para 3º de ESO o seguinte manual:

Ana María Bayan Ferreira, Helena José Bayan. *Na onda do Português*. Editorial LIDEL. ISBN: 978-972-757-809-2 (2019)

No departamento de LGL vemos o manual como un material de apoio máis, en ningún caso exclusivo para o desenvolvemento do noso labor docente; utilizaremos, pois, diversos recursos e estratexias didácticas, sempre que for tecnicamente posíbel, para facer fincapé naqueles aspectos que consideramos que non están suficientemente desenvolvidos nos manuais, ou simplemente por dispoñermos dun material máis atractivo e rendíbel.

Procurárase dinamizar o emprego da aula virtual do centro e fomentárase a utilización dos recursos existentes na biblioteca, á que se procurará que o alumnado acuda, na medida do posible, co obxectivo de que se

familiaricen con ese espazo e co manexo do material que hai depositado nela.

Nas aulas promoverase o emprego de libros de consulta e dicionarios, e tamén se lles achegarán fichas de reforzo e ampliación, así como recursos que poidan atopar na Internet, como páxinas web informativas, exercicios interactivos, vídeos, etc.

Tamén se fomentará o interese pola literatura, coa utilización de textos e obras literarias dos diferentes xéneros nas aulas e recomendacións para a lectura fóra do centro, ademais das lecturas obrigatorias establecidas para cada un dos cursos.

No contexto de excepcionalidade en que se enmarca este curso escolar, debido á pandemia da COVID-19, a utilización de calquera dos materiais existentes no centro, así como dos espazos de que dispoñemos, estará condicionada polas normas hixiénico-sanitarias que se establezan para a actividade educativa no presente curso escolar.

Nesta situación excepcional en que se desenvolverá este curso escolar, prevense diferentes escenarios para o desenvolvemento da actividade lectiva, entre os que se contempla a posibilidade de ter que levar a cabo o traballo de maneira semipresencial ou mesmo a distancia. Por esa razón, no departamento está prevista a adopción de metodoloxías compatibles con ditas situacións, para o que utilizaríamos determinadas ferramentas, como as que seguen:

- A aula virtual do centro. A través deste medio establecerase a comunicación co alumnado en todos os aspectos necesarios para desenvolver a actividade lectiva. Así, dita aula será o soporte por medio do cal se realizarán propostas e entrega de tarefas e a corrección das mesmas, consulta de dúbidas, publicación de materiais de apoio ao alumnado, como documentos, vídeos tutoriais, ligazóns á Internet, etc. Tamén se propiciará a intercomunicación entre o alumnado a través de foros e fomentarse, na medida do posible, o traballo cooperativo en grupos.
- Libro de texto do alumnado.
- Vídeos tutoriais, gravados con programas que permiten facer unha captura de pantalla de calquera material (o propio libro e texto en versión dixital ou calquera outro documento que poidamos precisar) e gravar ao mesmo tempo a voz para explicarlles as tarefas que teñen que realizar ou aclararlles conceptos. Para iso utilizaremos os programas Cam Studio e Zoom. Estes vídeos publicáremos na aula virtual, que permite ao alumnado facer consultas sobre os mesmos.
- Ligazóns a páxinas web de interese: algunhas con exercicios interactivos en que eles e elas mesmos obteñen automaticamente as correccións..
- Ligazón a ferramentas dixitais, como dicionarios, tradutores ou correctores, así como enlaces a bibliotecas que ofrezan os seus fondos para a utilización libre dos mesmos.
- Documentos elaborados pola profesora, como apuntamentos, exercicios ou solucionarios das actividades

- Programas de audio e vídeo, que empregará a profesora para a elaboración de materiais e o alumnado para a confección das súas tarefas.
- Os teléfonos móbiles do alumnado poderán ser de utilidade para realizaren gravacións ou fotografías, ou mesmo para utilizar algunhas aplicacións con carácter didáctico. En calquera caso, terase en conta a dispoñibilidade do alumnado para acceder ás ferramentas dixitais, e en ningún caso se exixirá a realización de ningunha tarefa sen termos todas as garantías de que todos e todas dispoñen do material necesario para levala a cabo.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Ao final de cada trimestre avaliarase o alumnado segundo os seguintes criterios:

- Traballo e participación activa nas aulas: **20 %**

Neste apartado valorarase: a disposición ao traballo, a participación e cooperación na aula, a realización de actividades voluntarias e o esforzo e interese por aprender e mellorar.

- Comprensión oral: **20%**. Avaliarase a través da observación do traballo na aula e exercicios e probas de comprensión de textos orais.
- Expresión oral: **20%**. Avaliaranse as intervencións na aula e exercicios e probas orais.
- Expresión escrita: **20%**. Avaliarase a través da observación do traballo na aula e exercicios e probas de redacción de textos escritos.
- Comprensión escrita: **20%**. Avaliarase a través da observación do traballo na aula e exercicios e probas de lectura de textos escritos.

Para que un alumno ou alumna supere a materia na súa totalidade, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:

- a) Obter un mínimo de 14 puntos na suma das cualificacións das tres avaliacións, sempre que tiveren aprobada a terceira avaliación.
- b) Ter dúas avaliacións aprobadas (unha delas necesariamente ten que ser a terceira) e obter como mínimo 13 puntos na suma das cualificacións das tres avaliacións.

O alumnado que non se atope en ningunha destas dúas situacións poderá realizar a **proba final de recuperación no mes de xuño**. Nesta proba, dado o desenvolvemento progresivo da aprendizaxe nesta materia, deberá responder a cuestións relacionadas con todos os contidos do curso.

As alumnas e alumnos que obteñan na proba final de xuño unha cualificación inferior a 5 puntos deberán

realizar a **proba extraordinaria de setembro** para poder superar a materia. Nesta proba propóranse exercicios correspondentes aos contidos estudados nas tres avaliacións do curso. Para aprobar o exame de setembro é imprescindible obter unha cualificación mínima de 5 puntos.

Avaliación no contexto de ensino non presencial ou semipresencial.

No caso de suspensión total ou parcial do ensino presencial, a avaliación adaptarase a ese contexto. As porcentaxes que se aplicarían para cada unha das avaliacións trimestrais sería a mesma ca no ensino presencial, aínda que as probas se realizarían de diferente maneira.

Enseño semipresencial.

- Traballo e participación activa nas aulas: **20 %**. Neste apartado valorarase, tanto o traballo realizado na aula como aquel que desenvolvan a través da aula virtual ou participación en aulas a través de videoconferencia.
- Comprensión oral: **20%**. Avaliarase a través da observación do traballo na aula e exercicios e probas de comprensión de textos orais. Cando se realicen probas faranse nas sesións presenciais.
- Expresión oral: **20%**. Avaliaranse as intervencións e probas na aula presencial, ademais de exercicios e exposicións orais enviadas a través da aula virtual.
- Expresión escrita: **20%**. Avaliarase a través da observación do traballo na aula presencial e virtual. Realizaranse probas escritas nas sesións presenciais.
- Comprensión escrita: **20%**. Avaliarase a través da observación do traballo na aula e exercicios e probas de comprensión de textos escritos. Cando se realicen probas faranse nas sesións presenciais.

Enseño non presencial.

- Traballo e participación activa nas aulas: **20 %**. Neste apartado valorarase o traballo realizado a través da aula virtual ou participación en aulas a través de videoconferencia.
- Comprensión oral: **20%**. Avaliarase a través de exercicios de comprensión de textos orais que se entregarán a través da aula virtual. Poderanse realizar probas de comprensión oral a distancia
- Expresión oral: **20%**. Avaliaranse exercicios e exposicións orais enviadas a través da aula virtual, así como a intervención en sesións de videoconferencia. Poderanse realizar probas de expresión escrita a distancia, consistentes nunha exposición oral espontánea ou planificada.
- Expresión escrita: **20%**. Avaliaranse tarefas que se enviarán a través da aula virtual. Poderanse realizar probas de expresión escrita a distancia.

- **Comprensión escrita: 20%.** Avaliarase exercicios de comprensión de textos escritos, que se enviarán a través da aula virtual. Cando se realicen probas faranse nas sesións presenciais. Poderanse realizar probas de comprensión escrita a distancia.

8. Medidas de atención á diversidade.

- **Avaliación inicial.**

Nas primeiras semanas do curso realizarase unha proba de avaliación inicial, para comprobar os coñecementos previos sobre a materia, onde se contemplan contidos correspondentes aos cinco bloques en que se estrutura a mesma.

1. Comprensión de textos orais.
2. Produción de textos orais.
3. Comprensión de textos escritos.
4. Comprensión de textos escritos.
5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe.

Cos resultados desa proba, identificaremos as dificultades particulares que poida presentar algún alumno ou alumna, co fin de adaptar o deseño de estratexias á diversidade que poida existir dentro do grupo.

- **Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.**

O alumnado que presente dificultades para acadar os obxectivos propostos para o curso será obxecto dun seguimento individualizado por parte da profesora. Para iso, deseñaranse un conxunto de actividades de reforzo sobre os contidos do currículo, xunto con outras relacionadas con técnicas de estudo, que poidan mellorar o seu desempeño no ámbito académico.

Manterase contacto permanente co Departamento de Orientación, co fin de elaborar estratexias conxuntas para implementar medidas de apoio ao alumnado que o precise.

9. Plan de recuperación de materias pendentes

No presente curso non hai ningunha alumna ou alumno que teña pendente do curso anterior esta materia, xa que se oferta no centro só a partir de 3º de ESO.

10. Elementos transversais

COMPRESIÓN LECTORA. EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

A comunicación oral e escrita están na base dos contidos desta materia. Así, trabállanse continuamente a comprensión de textos orais e escritos de diferente tipoloxía e contido. Tamén se fomenta a mellora da competencia en expresión oral e escrita, coa produción de textos de variados xéneros discursivos (diálogo, narración, exposición, argumentación, descrición) e de diferente procedencia (académicos, persoais, xornalísticos...). Procúrase, en todo momento, facilitar ao alumnado ferramentas de comunicación social, achegándolle textos e facilitándolle a elaboración doutros que poderían darse en situacións reais de comunicación.

COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

A comunicación audiovisual tamén formará parte das aulas. A televisión, cine, radio, Internet, son unha fonte de materiais moi importante para a adquisición de competencias en portugués, onde podemos traballar diferentes aspectos da linguaxe, tamén a linguaxe non verbal.

CONTRIBUCIÓN ÁS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

As TIC constitúen un elemento básico na aprendizaxe, como soporte de contidos e ferramentas para a elaboración de tarefas, e a súa aplicación na aula de lingua e literatura esténdese a todos os ámbitos da materia.

Levaremos a cabo actividades de busca de información, de elaboración de textos e traballo con textos dados, de interpretación segundo diversos códigos expresivos e teatro lido ou interpretado. Na súa utilización, promoverase a alfabetización mediática, informacional e dixital, co fin de que o alumnado atinxa a capacidade de discriminar, avaliar e utilizar adecuadamente a información.

Promoverase o uso da aula virtual, que se converterá nunha ferramenta máis no desenvolvemento do curso e un recurso para, se for necesario, substituír total ou parcialmente o ensino presencial.

Todas as unidades didácticas propoñen actividades relacionadas coas TIC.

O alumnado de 1º e 2º de ESO dispón de ordenadores para o seu uso individual, xa que o centro está adscrito ao programa E-Dixgal. As aulas para os grupos de 3º de ESO impártense nunha das salas de informática, aínda que a obrigatoria separación de 1,5 m. entre o alumnado, imposto polas medidas de prevención ante a COVID, dificulta que se poidan utilizar os ordenadores por todo o alumnado ao mesmo tempo.

As aulas están dotadas dun encerado dixital e dun proxector.

En calquera caso, temos presente que non sempre é posible a utilización dos medios dixitais, xa que

dependemos da eficacia das conexións á Internet, non sempre posibles, tanto no centro como nos fogares do alumnado.

CONTRIBUCIÓN AO EMPREDEMENTO

Na materia de Segunda Lingua Estranxeira Portugués tentarase que o alumnado adquira destrezas na planificación do seu traballo. Por outra parte, e dado que nesta materia se dá prioridade ao traballo colaborativo, preténdese que o alumno ou alumna sexa capaz de organizar o traballo en grupo, e de mellorar a súa autoconfianza e o sentido da responsabilidade.

CONTRIBUCIÓN Á EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL

Na selección de textos, tanto en soporte escrito como dixital ou audiovisual, trataranse temas relacionados coa educación cívica e en valores, tales como a tolerancia, cooperación, solidariedade, igualdade de dereitos entre homes e mulleres, rexeitamento de calquera tipo de discriminación e da violencia, defensa do medio ambiente, hábitos de consumo saudábeis, etc.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Non se contempla a lectura obrigatoria dunha obra literaria en portugués, pero si se fomentará a lectura de autores e autoras de todo o ámbito da lusofonía, a través de actividades na aula e recomendacións de breves textos para ler fóra do horario lectivo.

Fomentarase o uso dos fondos contidos na biblioteca e a participación nas actividades de animación á lectura propostas desde ese espazo.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A través das actividades e textos propostos para o traballo, contribuirase a cumprir os obxectivos do plan de convivencia do centro. Dentro da tipoloxía textual que traballamos nas aulas, daremos importancia ao diálogo, coa produción de debates onde se respecten as opinións alleas e as quendas de intervención, cunha actitude respectuosa ante os discursos dos demais integrantes na actividade. Nos textos seleccionados para a realización de tarefas, procuraremos fomentar a tolerancia, a empatía e a non discriminación entre as persoas.

Consideramos fundamental promover o traballo colaborativo entre o alumnado, de maneira que se establezan relacións de complicidade e respecto entre os e as compoñentes dos grupos. Na constitución e labor destes grupos, prestaremos especial atención ao alumnado con dificultades de integración.

Trataremos de crear un clima de confianza, solidariedade e respecto entre o alumnado do grupo e manteremos unha vixilancia constante para detectar posibles problemas de convivencia entre os seus integrantes.

No presente curso, prestaremos especial importancia ao cumprimento das normas sanitarias establecidas para a prevención da COVID-19, entendendo isto como un acto cívico; trátase de que o alumnado asuma a

necesidade de protexerse, non só en beneficio propio, senón de toda a comunidade.

11. Actividades complementarias e extraescolares

No contexto de excepcionalidade en que se inicia este curso, debido á situación de pandemia pola COVID-19, este departamento non planificará no comezo do mesmo as actividades complementarias ou extraescolares, tal como viña facendo nos cursos anteriores. Se as circunstancias mudaren e permitisen a realización dalgunha desas actividades, quedaría reflectida a planificación das mesmas nas correspondentes actas de reunión do departamento.

O departamento de Lingua Galega e Literatura ten disposición para realizar actividades que complementen o desenvolvemento harmónico e a formación íntegra do alumnado nas súas dimensións humanas e de cohesión social dentro do grupo. Para iso estima a participación nas celebracións de integración que o Centro desenvolva ao longo do curso e tamén aquelas que espontaneamente xurdan para beneficio dos alumnos e as alumnas no exterior do Centro. Esas actividades son aquelas de coñecemento e reflexión sobre as realidades culturais propias e do contorno –recollas de cultura tradicional, costumes, observacións, realización de traballos sobre a memoria histórica, etc- e coñecemento doutras realidades que non sexan da contorna –museos, visitas guiadas, exposicións, obras de teatro, cursos de animación á lectura, á sensibilidade artística –musical, plástica, de expresión física, de defensa da natureza e medio ambiente, de respecto á integración, etc. sempre e cando acaden a autorización pertinente para a súa realización e os medios humanos e materiais o permitan.

Algunhas das actividades extraescolares que se veñen realizando nos últimos cursos son:

Asistencia a representacións teatrais. As datas de realización destas saídas estarán determinadas pola programación ofertada polos organizadores. A asistencia ás representacións e a selección dos grupos de alumnos asistentes terá en conta as características da obra representada, as idades para as que estea proposta e a relación co currículo da materia de cada curso.

Participación nas actividades propostas polo EDNL e a biblioteca do centro.

Participación en certames literarios convocados por diferentes entidades

A única actividade que temos confirmada para o alumnado 3º ESO, de Lingua Galega e Literatura e de 2ª Lingua Estranxeira Portugués, é un proxecto na plataforma de centros escolares europeos eTwinning, en colaboración cun centro de ensino secundario de Sintra (Portugal). O proxecto terá como tema a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval e para o seu desenvolvemento o alumnado utilizará numerosas ferramentas dixitais.

12. Seguimento e avaliación da programación

A comprobación da efectividade e adecuación da programación didáctica realizarase ao finalizar cada un dos

trimestres, ou ben no momento no que se detecte calquera fallo ou posibilidade de mellora ao respecto durante o desenvolvemento da mesma.

A revisión e as modificacións pertinentes poñeranse na práctica o antes posible, é dicir, inmediatamente despois da detección dos fallos ou dificultades, se é posible, sempre que se trate de aspectos que sigan sendo pertinentes no resto do desenvolvemento da programación. No caso de que os fallos atinxan a aspectos que, dada a súa natureza, non poidan ser revisados ao longo do presente curso, faranse as modificacións convenientes de cara a vindeiros cursos.

En calquera caso, as modificacións máis ou menos significativas que se fagan á programación constarán no libro de actas do Departamento, así como na memoria final do Departamento de Lingua Galega e Literatura.

Mecanismo de revisión e modificación da programación didáctica	Escala			
Indicadores de logro	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8- Asignóuselle a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociáronse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- As guías didácticas son adecuadas, atractivas e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse un procedemento de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.?				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?				

20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
23.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
24.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
25.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
26.- Informouse ao alumnado sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
27.- Informouse ao alumnado sobre os criterios de promoción?				
28.- Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
29.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
30.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				